

En Ourense a día 8 de maio de 2023 reunímonos no Taller ás 17,45h os membros do Departamento de Tecnoloxía:

Iván Feliz, Lidia Rodríguez, Carlos Vila, Laura González e M.^a José Álvarez

Os temas a tratar son:

- 1- Desenvolvemento da Programación e resultados do alumando de 2º Bacharelato.
- 2- Modificacións na programación de cara ao curso que ven. Libro de texto.
- 3- Novo acondicionamento de traballo no Taller.
- 4- Outros asuntos a tratar.

Punto 1:

En 1º ESO Tecnoloxía e Dixitalización estamos cumprindo a Programación, Iván está con Electricidade facendo un proxecto dunha instalación de casa e Laura e M.^a José están traballando o bloque de Programación.

En 2º ESO, Lidia está a traballar a representación diédrica , coas vistas principais. Suxire para anos vindeiros modificar a orde das U.D. , a parte de Materiais e de procesador de texto e algún proxecto dalo na 1ª avaliación.

En 3º ESO, en Educación Dixital , Carlos está rematando a parte de robótica e quedaralle a parte de blog para o sustituto.

En 4º ESO, en Tecnoloxía, Lidia está explicando as Instalacións eléctricas nas vivendas e semella que non son moi entusiastas con este apartado.

En Tic, estamos os tres profesores rematando a unidade didáctica de imaxe, son e vídeo, tendo máis desenvolvida a imaxe.

En 1º Bacharelato Tecnoloxía e Enxeñería I, teñen desenvolto a maioría das unidades didácticas con gran calidade. En TIC, debemos mellorar o editor de vídeo (Openshot) e traballar con máis programación Freecad.

En 2º Bacharelato temos Tecnoloxía II onde non se desenvolveu a unidade didáctica de Neumática, e prefírese mellorar a nota das unidades didácticas e facer as recuperacións a tres alumnos que esta avaliación teñen suspensa a avaliación terceira. En canto ás Tics II o alumnado desenvolve correctamente as tarefas, e Carlos Vila cumpriu con toda a programación e M.^a José non desenvolveu a unidade didáctica de Seguridade na web, e está facendo recuperación a un alumno.

Punto 2, revisión dos libros de texto , por se mercamos para o Departamento algún libro como referencia.

As modificacións que se suxiren foron en 2º ESO , xa está anotado e en TIC 1º Bacharelato a seguinte orde neste terceiro trimestre:

Poñer Programación como tema 7, tema 8 como Creación de contidos web e por último o tema 9 como Recursos expresivos de producións dixitais e por último o tema 10 como Proxecto Dixital.

Punto 3, recolocación e limpeza do Departamento.

Deixamos neste punto a reunión e seguimos traballando ata ás 20,15h.